

## Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2019/2020

Normativa reguladora máis relevante: [RD 1393/2007](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 5 de febreiro de 2018.

Denominación do título de Máster proposto	Máster en Enxeñaría Aeronáutica
Centro de impartición na UVIGO	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Obxectivos do título	Formación do título regulado según normativa Orden CIN/312/2009, de 9 de febreiro
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	01/03/2017
Persoa de contacto no centro	Nome: Arno Formella
	Email: <a href="mailto:formella@uvigo.es">formella@uvigo.es</a>
	Teléfono: 988 36 88 23 Secretaría de dirección a EEAE
É a proposta unha unión/refundición ou modificación de oferta xa existente?	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
	Se se trata dunha unión/refundición de títulos, indicar nome/s do/s título/s de orixe: Se se trata dunha modificación dun título existente, indicar nome do título de orixe:
É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada: Enxeñeiro Aeronáutico
É unha proposta de carácter interuniversitario?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora: Universidade de Vigo e Universidade de León (coordinadora).
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si, indicar cales: 1,2,3,4,5,6,7 e 8
Cumpre os requisitos específicos para títulos de máster recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si. Indicar cales: E interuniversitario, outorga competencias profesionais, ten unha orientación laboral ou práctica, cubre a formación en áreas de elevada demanda laboral e ten carácter internacional.
Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do máster e a súa	Esta declaración de interese envolve á Escola de Enxeñaría Industrial e Informática da Universidade de León e á Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

## Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2019/2020

adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011

do Campus de Ourense da Universidade de Vigo. Como tal, sitúa a UVigo no desenvolvemento da Enxeñaría Aeroespacial no noroeste español ao mesmo tempo que trata de converxer con liñas estratéxicas da nosa rexión.

A estrutura do Máster en Enxeñaría Aeronáutica está regulada pola Orden CIN/312/2009, de 9 de febreiro:

<https://www.boe.es/boe/dias/2009/02/18/pdfs/BOE-A-2009.2741.pdf>

Consecuentemente, o primeiro curso do título constará de 60 créditos ECTS con contidos nos módulos de Vehículos Aeroespaciais, Sistemas de Propulsión, Enxeñaría Aeroportuaria e Sistemas de Navegación e Circulación. No segundo ano, dedicaranse outros 60 créditos ECTS a materias optativas cara á intensificación en dúas áreas específicas: “Materiais para a Industria Aeronáutica” e “Espazo”.

Xa que logo, o título formará a Enxeñeiros Aeronáuticos para o desenvolvemento de tódalas competencias que lle son propias a estes profesionais no territorio español e, de xeito adicional, porase énfase en dúas liñas prioritarias para a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo.

Efectivamente, seguindo directrices da Unión Europea que recomendan que, en materia de I+D+i, as rexións pequenas deben concentrar os seus esforzos nun número limitado de campos, a denominada estratexia de especialización intelixente RIS3 sitúa a Galicia como provedor de materiais para a industria aeronáutica:

[http://www.ris3galicia.es/wp-content/uploads/2013/07/Resultados\\_GT7.pdf](http://www.ris3galicia.es/wp-content/uploads/2013/07/Resultados_GT7.pdf)

En relación a “Espazo”, ou “Enxeñaría Astronáutica”, o Centro de Innovación Aeroespacial (CINAE) provee das instalacións axeitadas para a continuación e intensificación do traballo iniciado pola Agrupación Aeroespacial da Universidade de Vigo, un grupo de investigación que está a facer notables progresos ao longo dos últimos anos co lanzamento xa de tres satélites ao espazo.

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de MÁSTER que se pretendan implantar no 2019/2020 é o 28 de febreiro de 2018.
- Enviar a [verifica@uvigo.es](mailto:verifica@uvigo.es)